(1) *Puerta Fajera:* Esta puerta y la del *Camino* de que habla la copla siguiente, han desaparecido lo mismo que las murallas que circuyeron antiguamente á Santiago de Compostela. Queda como recuerdo la del *Mercado viejo* ó de Mazarelos. Sin embargo, subsiste el nombre aplicado á las calles que terminaban en las puertas arriba indicadas.

10. Eu pidinll'o Mayo
a unha señorita,
non me tuvo que dar
sinón a faldra d'a camisa.

11. Eu pidinll'o Mayo
á un capitán,
non me tuvo que dar
mais qu'a cabèza d'un can.

12. Eu pidinll'o Mayo
á un coronel,
non me tuvo que dar
mais qu'un pucheiro de mel.

13. Eu pidinll'o Mayo
á unha costureira,
non me tuvo que dar
senón *deitarme* con ela. (acostarme)

14. Quén me dera unha laranxa
e por dentro un pouco *allo* (ajo)
para quitar una monxa
d'o convento de *San Payo.* (1)

(1) Convento de San Pelayo de Antealtares, cuya comunidad es de monjas benedictinas.

15. Quén me dera una laranxa
e por dentro un pouco anís,
para quitar unha monxa
d'o convento de *Belvís*. (1)

16. Perdonen ustedes, señores,
po-lo Mayo mal cantado,
que coméu caldo de uvas
e quedóu acatarrado.

(1) Continúa con el carácter de convento destinado á religiosas dominicas.

MENTIRAS

1. A cadela pon os ovos,
a galiña vai ladrar,
o forneiro está parido
e a muller vai traballar.

2. Héiche de contar un conto,
un conto de mil mentiras,
po-lo mar andan as lebres
e po-lo monte as *anguías.* (anguilas)

3. N-as alforxas vai o viño,
n-as *cabazas* vai o pan, (calabazas)
levan zapatos de liño
e medias de cordobán.

Estos tres cantares fueron obtenidos en la Coruña.

MUIÑEIRAS

1. Acolá riba—n' aquela montaña
rapan o cu—con unha fouzaña (1)
alá vou eu (2)—que me rapen o meu.

2. Acolá arriba—n' aquelas *penas* (peñas)
hai un galo—con tres polas negras:
o galo canta—a galiña berra
e hastra os pitos—van á estar en guerra.

3. Acolá arriba—n-aquelas penas
hai un galo—con tres polas negras:
o galo canta—a galiña chora
po-los poliños (3)—que durmiron fora.

(1) *Fouzaña:* guadaña, derivado de *fouce:* hoz.
(2) *Alá vou eu:* allá voy yo.
(3) *Po-los poliños:* por los pollitos.

4. Ai d'o Allo, ai d'o Allo, (1)
¡ai d'o allo! ¡ai d'a cebola!
¡ai d'o Allo! ¡ai d'o Allo!
¡nunca ch'eu d'o Allo fora!

5. A muiñeira—é media meiga (2)
o muiñeiro—é meigo enteiro
e o séu criado—ladrón aprobado
que me roubóu—d'a fariña un ferrado:
¡ai! xuro á Dios—qu'ha d'haber camorra
se no-me volven—a fariña toda.

6. Aquela vella—co-a que eu dormo
nin tèn tripas—nin tèn bandullo (3)
nin tèn faldra—n-a camisa,
¡ai! non me podo—ter co-a risa.

(1) *Allo*, nombre de una parroquia: su significado es ajo; y, como puede observarse, se hace juego aquí con el *equívoco*.
(2) *Media meiga:* medio bruja. Común es en gallego que algunos adverbios tomen el género femenino como en el caso anterior ó en «*unha pouca d'augua*», y aun suele decirse *un pouco viño*. Estas formas influyen en el lenguaje castellano de los gallegos hasta el extremo de que oigamos decir: una poca agua, una poca tela, un poco vino ó tal vez una poca lluvia. Es de desear que acabe de desaparecer este provincialismo, sustituyéndole con frases como las siguientes: un poco de agua, un poco de tela, un poco de vino.
(3) *Bandullo:* la tripa mayor y más gruesa.

7. Aquela vella—porque era vella
quer que lle fagan—a cama de pedra,
â cabeceira—un can po-lo rabo
cando recorda—bótase un trago.

8. Aquella vella—que vai po-lo prado
un clavo leva—n-o seu cú chantado; (1)
aquela vella—que vai po-lo agre (2)
bótall' un taco—n-o cu que non c...

9. (3) Arriba pernas—arriba patas,
que n'este mundo—non hai sinón trampas;
¡ai! meus peíños—(4) ¡ai! meus peás,
si non fórades vos—comíanm'os cas.

10. Caséichem' eu—por andar regalada,
trazas lle vexo—d'andar como andaba.

(1) *Chantado:* clavado.
(2) *Agre*: campo.
(3) Esta *muiñeira*, conocida con el nombre de la *Raposa*, es el final de un cuento en que aparece un hombre concertando con una zorra tenerle guardadas debajo de un cesto dos hermosas gallinas para el día siguiente. En su lugar puso dos perros, de los cuales se libró la zorra merced á sus patas.
(4) *Peíños:* piececitos, aunque no en el sentido diminutivo, propiamente dicho, sino como forma cariñosa, muy usual en el dialecto.

11. Cego casado — con nena bonita,
o susto d'o corpo — non se lle quita.

12. ¡Chámasm'amigo — e meu quiridiño!
¡eu entrementres (1) — vou pagando o viño!

13. Ela quer que lle freguen os pratos,
ela quer que-ll'os poñan ben brancos,
¡ai, ai, ai! (2) que *demo* de vèlla (demonio)
¡ai, ai, ai! qué contos me tèn,
que *dempóis* que lle fregan os pratos (después)
quer que lle freguen tamén a sartén.
Ela quer que lle faga a camisa,
ela quer que ll'a poña ben lisa,
¡ai, ai, ai! que demo de vèlla,
¡ai, ai, ai! qué contos me tèn.
que dempóis que lle fan a camisa
quer que ll'a vistan ô lombo tamén.
Ela quer que lle fagan a cama,
ela quer que ll'a poñan ben llana;
¡ai, ai, ai! que demo de vèlla
¡ai, ai, ai! qué contos me tèn,
que dempóis que lle fagan a cama

(1) *Entrementres:* entretanto.
(2) No usamos la *y* en la interjección *¡ai!* porque en el plural es *âis.*

quer que a boten n-ela tamén.
Ela quer que lle freguen as *cuncas* (tazas)
ela quer que ll'as poñan ben xuntas,
¡ai, ai, ai! que demo de vella
¡ai, ai, ai! qué mangoloteira,
que dempóis que lle fregan as cuncas
quer que lle freguen a chicolateira.

14. Eu namoreime d'as tuas pernas
e d'o teu polidiño andar,
enguedelleim'e enguedelleime (1)
nunca me poiden desenguedellar.
Tou, tou, virall'o refaixo
qu'o d'arriba para abaixo;
tou, tou, virall'a mantilla
co d'abaixo para riba. (2)

15. Eu son un vello espotreado
c'unha xoroba que pesa un ferrado,
¡xis! cómo chove! ¡ai! cómo trona!
¡cómo se molla a miña xoroba!

(1) *Enguedelleime:* este verbo es formado del sustantivo *guedeja* ó *guedella*, si bien indica algo más, ó sea enredarse en una cabellera.
(2) La primera copla es casi igual á otra que figura en el primer tomo.

16. Fun á Marica—que me escoitara,
doume Marica—co'-o cú n-a cara;
¡haiche galás—que che teñen fortuna!
¡e haiche galás—que non teñen ningunha!

17. Fun o muíño—d'o meu compadre,
fun po-lo vento—*vin* (1) por lo aire;
¡esta é cousa—de encantamento
ir po-lo aire—e vir po-lo vento.

18. Gracias á Dios—que hoxe cocemos
setes petadas—e nove debemos;
gracias á Dios—y âs nosas labores
as nosas barrigas—parecen tambores.

19. Has de cantar—á veira d'o río
ô son d'as oliñas—de campo frorido,
as de cantar—á veira d'o mar
ô son d'as oliñas—que soben e van;

(1) Fácil es confundir el verbo *vin*, ví, con el verbo *vin*, vine. El verbo venir tiene igual forma para la primera persona del plural del presente de indicativo que para la del pretérito perfecto, si bien para ésta tiene además *viñemos*. Tal vez á dicha circunstancia sea debido que algunos gallegos no distingan siempre *venimos* y *vinimos*.

has de cantar—á veira d'a fonte
que ch'hei de dar peros—cocidos n'o pote;
¡ai! has de cantar—miniña solteira
¡ai! as de cantar—alá n-a ribeira.

20. Indo eu—pol-a vila de Caldas
un vilardeiro—picóume n-as faldas;
¡válla o demo!—tal picardía
como n-a vila—de Caldas había.

21. Isca (1) d'ahí—galiña maldita,
ísca d'ahí—non me mate-l-a pita;
ísca d'ahí—galiña ladrona,
ísca d'ahí—non me mate-l-a-pola.
Chascarraschás—miñas polas negras,
chascarraschás—miñas poliñás.

22. Manoeliño—foi o viño,
rompéu o *xerro*—n-o camiño (jarro)
mal po-lo xerro—mal po-lo viño,
mal po-lo cú—de Manoeliño.

(1) *Ísca:* interjección para espantar las gallinas ú otro animal doméstico. *Churra, churra,* es la que se usa para llamar aquéllas.

23. Mingueletiño—matóu a muller,
púxo-a en cuartos—e fói-n-a cocer (1)
â xente que pasa—oléunll'á touciño (2)
¡èch' a muller de Mingueletiño!

24. Miña comadre—de lonxe e de preto (3)
chéguese acá—botaremós un neto. (4)

25. Miña nai—deixoume n-o monte
e meu pai—fóim' a buscar,
vént' acá—miña recoronquiña
que te quero—recoroncar.

26. O pasar a barca—díxom' o patrón
«*pobre señorita—de mi corazón,*»
logo d'escoitalo (5)—tanto me rin
que ô patronciño—nunca mais o vin.

(1) *Fói-n-a cocer:* la fué á cocer.
(2) *Oleull'a touciño:* olióle á tocino.
(3) *Preto:* adverbio de lugar y tiempo; tiene analogía con las palabras francesas *pres*=cerca; *pret*=pronto.
(4) *Neto:* cuartillo de vino.
(5) *Logo d'escoitalo:* luego que lo escuché. A veces en gallego únese el *logo* con *dempois*, y no falta quien le traduzca en castellano *luego después*, provincialismo disculpable sólo en personas poco cultas.

27. Panadeiriña—d'aquesta ribeira
de dia moe—de noite peneira;
¡válgate Xuncras!—o estilo d'a terra
de peneirar pol-a noite sin vela.

28. Quén che mandóu cantar, meu frade,
quen che mandóu cantar que che pague.

29. Quérenme mal as miñas comadres
porque lles digo eu as verdades.

30. San Benitiño de Coba de Lobo
hei d'ir alá, miña nai, si non morro.

31. San Migueliño d'as uvas maduras,
¡ai qué tarde ves! ¡ai qué pouco duras!

32. San Silvestriño d'as perniñas tortas
abogadiño das nenas de *Portas*.

33. Tanto bailéi co a ama d'o cura,
tanto bailéi que me dou calentura;
tanto bailéi, nunca tanto bailara,
tanto bailéi, que me namoricara.

Tou, tou, vîrall'o refaixo (vuélvele)
c'o d' arriba para baixo,
tou, tou, vîrall'a mantilla
c'ô d' abaixo para riba.

34. Tanto *anduvo* (1) Perucho tras min
tanto anduvo que lle prometín:
cala, Perucho, que ch'hei de dar
unha peruchada que ch'ha de amargar.
Tou, tou, vîrall'o refaixo, etc.

35. Toca, gueiteiro, c'o demo t'afogue
m... n-a gaita forrica n-os foles. (2)

36. Toda muller que non sabe a doutrina
culpa é d'o home que non ll'a insiña;
para que aprenda logo a doutrina,
pau de carballo e dándoll'*axiña*. (3) (aprisa)

(1) Otros dicen *andivo*.
(2) *Forrica n-os foles:* diarrea en los fuelles.
(3) *Axiña* se dice en las comarcas citadas en esta colección; pero en otros distritos se dice *aixiña* ó *eixiña*, en virtud de la afinidad que, en todo idioma tiene, para la vocalización, la *a* con la *e*: Así se explica el que se diga indistintamente *antroido* y *entroido*, *aixada* y *eixada*.

37. Todos me saben a auga qu'eu bebo
pero non saben a sede que eu teño.

38. Tres varas tèn a miña saya nova,
tres varas tèn e non me fai roda:
tres varas tèn e tres varas *tiña* (tenía)
tres varas tèn e non me facía.

39. Véndem'os bois e véndem'o carro
e n-o me vendas o con que me amaño;
e si m'o vendes e si m'o empeñas
â miña casa non quero que veñas;
e si m'o vendes, por un pouquiño
véndem'o logo c'un vasó de viño.

40. Vólve, Xuana, vólve, Xuana,
qu'has d'atopar unha boa castaña;
vólve, miniña, vólvet'á vir
moito n-o souto habemos de rir.

El número 1 fué obtenido en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Betanzos, Puentedeume y Santiago. El 2 en Vivero, provincia de Lugo, y en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 6, 19 y 20 en Vivero, provincia de Lugo. El 5 en Rivadeo de la dicha

provincia. El 7, 17 y 18 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 10, 11, 12, 13, 25, 26 y 27 en la Coruña. El 16 en Santiago. El 20, 23, 39 y 40 en la Coruña y Oleiros, partido judicial de la Coruña. El 21 y 22 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Puentedeume. El 23 en Palavea, partido judicial de la Coruña. El 27, 30 y 31 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 33 en varios puntos del partido judicial de la Coruña. El 35 en la Coruña y en San Pedro de Nós de dicho partido judicial. El 36 y 37 en la Coruña y parroquia de Elviña del mismo partido judicial. El 38 en Ares, partido judicial de Puentedeume.

MURMURACIÓN

1. Anduveches marmurando
por unha parte e por outra;
inda non caín n-o chàn (1)
¡ para mollársem' a roupa!

2. As señoras n-a visita
non fan sinón marmular;
que o teñen de costume
sen (2) podel-o remediar.

3. Esa que me marmula
que mire pr'a sua casa;
cando n-a miña fumea
a d'ela queima qu'abrasa.

(1) *Non caín, n-o chàn:* no *he caído* en el suelo. *Caín* sirve también para la forma castellana del pretérito simple *caí*.
(2) Se dice *sen* y *sin*.

4 Marmúla, marmulador,
marmúla de min e d'outro;
xa tes un *canto* (1) n-o inferno
para descansar un pouco.

5. Non penséi qu'a *silva* verde (zarzal)
estando n-o río secase;
non creín qu'a tua lengua
tanto de min marmulase.

El número 1 fué obtenido en Cerbo, provincia de Lugo. El 2 y 3 en la Coruña. El 4 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 5 en Santiago del Burgo, partido judicial de la Coruña.

(1) Asiento natural de piedra.

NOMBRES DE PERSONAS

1. Agora quero Marica,
algún tempo quixen Pepa;
agora xa vou sabendo
ond'o zapato me apreta. (1)

2. Esta calle a pasean
un galán con nove damas,
tres Antonas, tres Maricas
e tamén tres Xulianas.

3. Miña nai ten tres Xuanas,
eu tamén son Xuaniña;
¡ dou á Dios (2) tantas Xuanas
como miña madre tiña!

El número 1 fué obtenido en Abegondo, partido judicial de la Coruña. El 2 en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 3 en la Coruña.

(1) Es semejante á otro cantar que aparece en la sección titulada *Graciosas*.

(2) Este *dou á Dios* es notable, porque en cualquier otro país lo hubieran sustituído por *doy al diablo*.

OFICIOS [1]

1. A muller d'o *arrieiro*
non ten faldra n-a camisa,
cando o arrieiro veña
hâll'a de poñer postiza.

2. A vida d'o *arrieiro*
non hai vida como ela,
¡carne cruda no-n-a come!
¡auga fría no-n-a bebe!

3. O cantar d'os *arrieiros*
è un cantariño guapo,
tèn unha volta n-o medio
para dicir { arre, macho.
arre, faco.

(1) La sección de *Oficios* no se sujeta al orden alfabético inicial del cantar, sino al de los oficios según su denominación castellana, y, dentro de cada uno de éstos, al orden alfabético de la letra inicial de cada copla.

4. Aprendín á *barbeiriño*,
aprendín, non me pesóu;
mándanme chamar as nenas,
mándanme chamar e vou.

5. Cento cincuenta navíos
saliron de Barcelona
cargadiños de *barbeiros;*
(van afeitar unha mona).

6. *Barqueiros* de Vilanova (1)
¿qué vento querés levar?
—Po-la mañán *vento â ría;* (2)
â tarde vento d'o mar.

7. *Canteiros* de Pontevedra,
donde estades ben vos vedes, (3)
por unha nena bonita
furastes (4) sete paredes.

(1) *Vilanova:* Villanueva, en la ría de Arosa.
(2) Viento hacia la ría. El gallego carece de la preposición hacia.
(3) *Ben vos vedes:* bien os *véis* ó bien os *halláis*.
(4) *Furastes:* agujereásteis.

8. *Canteiros* de Pontevedra,
¡malos diaños para eles!
por unha nena bonita
furaron sete paredes.

9. *Canteiros* de Pontevedra
pican a pedra miúda,
pican n-a muller allea:
outros lle pican n-a sua.

10. En palabras de *canteiros*,
rapazas, non vos fiedes;
collen os picos e marchan,
rapazas, ¿qué lles queredes?

11. Os *canteiros* vanse, vanse,
para Santa Liberata;
levan os petos ben cheos (1)
de monediñas de prata.

12. Os *canteiros* vanse, vanse,
vanse pasado mañán;

(1) *Os petos ben cheos:* los bolsillos (bien) llenos. Queda explicado los diversos usos de la palabra *ben* en gallego.

levan a sardiña podre
para.compangar (1) o pan.

13. Po-las calles de Madrí
vai unha muller berrando:
quén me compra *caracoles*,
que se me van acabando. (2)

14. *Carpinteiro*, *fáim'* un banco, (hazme)
que me quero sentar n-él;
si sale coxo d'un pè
c... en *ti e mais n-él*. (3)

15. O primeiro amor que teña
ha de ser d'un *carpinteiro*
para que me faga un banco
que estóu sentada n'o suelo.

(1) *Compangar:* acompañar con el pan. Lo que se acompaña lleva el nombre de *compango*.
(2) Parece castellano.
(3) Trasciende con frecuencia al lenguaje castellano provincial la frase *ti e mais él*, que algunos traducen familiarmente *tú y mas él*, empleando un *más* innecesario. Parecido á este vicio es el de la frase *¡y mas sí!* equivalente á *¡y es verdad!* ó al adverbio *sí*, y la otra frase propia de gente vulgar: *es más peor*, *es más mejor*, redundancia originada del dialecto gallego que la admite.

16. A vida d'o *carreteiro*
non hai vida como ela;
á diario comer ben,
e o domingo n-a taberna.

17. A vida d'o *carreteiro*
é unha vida moi penada;
nin vai o domingo â misa
nin dorme n-a sua cama.

18. Aldea de *Miodelo* (1)
de lonxe parece vila;
si non fora que m'amola
o *cesteiro* d'alá riba.

19. Unha vèlla se c...
á xunt'á (2) unha cortaduría,
e díxoll'ô *cortador* (tablajero)
pésem'esa media libra.

(1) Partido judicial de Betanzos. En dicho partido existen varios industriales de cestas hechas con madera de castaño. Algunos agricultores tienen plantados *brabádigos* con plantones de madera tierna para dicho uso y para arcos de tonelería.

(2) *A xunta*, cerca de. En gallego se emplea no sólo en el sentido de proximidad ó *cerca de*, sino también expresando la acción de aproximarse; por eso se dice: *vou á xunta de meu tio*. En castellano jamás deberá traducirse: *á junto* ni *á junta mi tio*, como alguna vez dice la gente vulgar cuándo quiere expresarse en castellano.

20. A agulliña vai cosendo
e o dedal vain-a siguindo;
así fai a boa nena
que d'o amor se vai rindo.

21. *Costureiriña* bunita,
dime donde tès o niño;
—n'un carballo d'a Illana
n-o máis alto carballiño.

22. *Costureiriña* bunita,
dónde deixas os melindros;
—déixoos n-a hucha gardados
para traer ôs domingos.

23. *Costureira* no-n-a quero,
si m'a dan créllome (1) d'ela;
canto vagamundo hai
dorme n'a cama con ela.

24. *Costureira* no-n-a quero,
si m'a dan créllome d'ela;

(1) *Créllome:* me querello ó quejo. Este cantar es casi igual á otro que queda citado en el primer tomo.

anda deitando consigo
canto pillo tèn a terra.

25. *Costureira* no-n-a quero,
si m'a dan voum' â xusticia;
anda deitando consigo
canto pillo tèn Galicia.

26. *Costureira* no-n-a quero,
tecelana xa m'a dan;
a filla d'un labrador
sabe traballar o pan.

27. Indo por *Oseiro* (1) arriba
todos eran á mirar; (2)
«aquí non van *costureiras*
nin pano para cortar».

28. Mala xesta barredeira
veña po-las *costureiras;*
comen as *amoras* todas (moras)
e os *gomos d'as silveiras.* (3)

(1) San Tirso de Oseiro, partido judicial de la Coruña.
(2) *Todos eran á mirar:* frase propia del dialecto.
(3) Yemas ó brotes de los zarzales.

29. O amor d'a costureira
era papel e mollouse;
agora, *costureiriña*,
o teu amor acabouse.

30. O primer amor que tuven,
miña nai, miña naíña,
o primer amor que *tuven* (1)
foi d'unha *costureiriña*.

31. Santa Rita franciscana
è a hirmán de San Francisco;
costureiriña d'o Ceo (2)
faill'as (3) camisas á Cristo.

32. ¡Si ti viras o qu'eu vin!
domingo, vindo d'a misa,
vintecinco *costureiras*
cosendo n-unha camisa.

33. Teste ti por boa moza
e por boa *costureira*,

(1) Se dice *tuven* y *tiven*.
(2) *D'o Ceo:* del Cielo.
(3) *Faill'as:* le hace las.

«¿d'os cornos què tèn a luna,
farásme *ti* (1) unha monteira?»

34. Vállame Dios ¡ai de min!
qu'as probes d'as *cigarreras*
non ganan para zapatos,
¡por eso andan de chinelas!

35. N'a miña vida tal vin
n-a feira de Monterroso:
vintecinco *escribanos*
d'a cabalo d'un raposo.

36. Aquí, nenas, aquí todas,
vind'acó ô pè de min,
somos fillos d'o *ferreiro*
tocarémol-o *barquín*. (fuelle)

37. Fun en casa d'o *ferreiro*
á *afiar* o meu puñal (afilar)
porque din qu'ha d'haber sangre
aquí n-o camiño real.

(1) Indicado queda ya que el *ti*, equivalente al pronombre tú castellano, no necesita acento.

38. N-a porta d'o *ferreiriño*
teño d'ir á [1] descansar
porque me gusta o oir
os martelos á *petar*. (golpear)

39. Non me case, miña nai,
con *ferreiriño* d'as forxas;
que quéiman m'as *charamuscas* [2]
miña cariña de rosas.

40. Non te cases con *ferreiro*
que ten moito que lavar;
cásate con *mariñeiro*
que ven lavado d'o mar.

41. Non te cases con *ferreiro*
que te queiman as chamuscas [3];

(1) *N-a porta d'o ferreiriño teño d'ir á: en la* puerta del herrero tengo de *ir á*. El verbo ir, gallego, ofrece algunas dificultades al traducirse en castellano. « *Vou en coche qu'inda gasto menos; meu tío vai n-a feira* » se dice en gallego, y no falta quien traduzca la última frase: « Mi tío va *en la* feria ». Sabido es que la preposición *en* castellana podrá acompañar al verbo cuando indica aquello en que se verifica el movimiento, como « voy *en coche* ».

(2) También dicen *chamuscas*.

(3) *Chamuscas y charamuscas:* chispas que despide el fuego ó el hierro caldeado desde el yunque.

cásate con *carpinteiro*
que che fará ben as huchas.

42. Vénte vindo, vént'andando
vénte para xunt' á min,
sonche (1) filla d'o *ferreiro*
tocarémol-o barquín.

43. Vóume por aquí abaixo
vóume por aquí arriba
fiando n-a miña roca
gobernando a miña vida.

44. Vóume por aquí abaixo
fiando n-a miña roca (2)
a *teiña* (3) está urdida
fáltame unha mazaroca. (4)

45. Sete *restrelos* (5) van postos
é tempo d'irse á deitar

(1) *Sonche:* en castellano equivale á *soi* y literalmente *soite* por la costumbre de añadir la sílaba *che* al verbo.
(2) *Fiando n-a miña roca:* hilando en mi rueca.
(3) Forma aparente del diminutivo de tela; pero que en gallego no representa propiamente lo muy pequeño.
(4) *Mazaroca*: husada.
(5) Manojos de lino.

o *liño* queda á dormir
e eu teño que madrugar.

46. O *gaiteiro* sin a gaita
no ten donaire nin sal
fai com'a muller sin *roca* (1)
que maldito cousa val.

47. Víde nenas, ô *gaiteiro*
qu'hoxe vos corre a fertuna;
que dentro *d'o fol* vos trai (del fuelle)
un rapás pr'a cada unha.

48. Miña virxe d'o pan quente,
acodide ô pan cocido,
que cocín unha *fornada* (hornada)
e todo saleu *ardido*. (2)

49. Arrimadiña á unha *pena* (peña)
púxenm'á considerar
os traballiños que pasa
un *mariñeiro* n-o mar.

(1) Antiguamente era de rigor que la mujer hacendosa hilase sus telas.
(2) Es muy corriente en gallego sustituir con el verbo *arder* el verbo *quemar*.

50. A *traíña* (1) vai n-a *pana* (2)
e os remos n-o galeón
e a *sardiña* (3) vai correndo
par' o Porto de Cayón. (4)

51. Cáseque, â media noite
botéi meu falucho ô *mar*
pensando qu'era Nordeste
e saleume vendaval.

52. ¡Capitán calquera o é!
pilotos, ¡son os carneiros!
¡quen sofre e fai os traballos
son os probes *mariñeiros!*

53. Ehí ven o aire d'a mar,
ehí ven o aire mareiro,
ehí ven o meu quiridiño
vestido de *mariñeiro.*

(1) Aparejo de pesca, no de los mayores, pero bastante grande.
(2) Lugar del barco donde se coloca el aparejo.
(3) La sardina se la cree emigradora y se la espera en sus arribadas cerca de los puertos.
(4) Puerto del distrito de Laracha en la costa N. de la provincia de la Coruña.

54. *Indo* pol-a mar abaixo
perdín a miña navalla;
¡réma, mariñeiro, réma,
qu'alá n-a mar me quedaba!

55. No-n-o quero *mariñeiro*
nin tampouco pescador
que teñen a mar por cama
y o Ceo por cobertor.

56. Nosa *Señora da Guía* (1)
¡a guía d'os *mariñeiros!*
guíeme á miña cuadrilla
toda de mozos solteiros.

57. Os *mariñeiros* de Noya (2)
cantan e poden cantar,
tèñen os remos n-a lancha
para poder traballar.

58. Ouh, compadre, a lancha é miña:
c'os remos atravesados

(1) Santuario próximo á Vigo, perteneciente á la provincia de la Coruña.
(2) *Noya*, puerto en la costa occidental de Galicia.

temos d'ir á romaría (tenemos)
c'os nosos *cestos* (1) colgados.

59. Pasei pol-a pont'abaixo
vin saltar unha sardiña,
mariñeiros, *ind'ô mar* (2)
e botádell'a traíña.

60. Víva *Vicente de Goyos* (3)
e toda a sua compaña; (4)
¡puxérono en *Sacido* (5)
e mataron unha *raya!* (6)

61. Fun esta noite ô muíño
c'un ferradiño de gran:
a ladra d'a *muiñeira*
¡fíxom'*a cobra* n-a man! (el cobro)

62. Fun esta noite ô *muíño*
deixei a cardeña fora

(1) Cestos de pescadores; también se llaman *gueipos*.
(2) Id al mar: se dice *ind'ô* y también *id'ô*.
(3) Patrón de pesca en Vivero.
(4) *A sua compaña;* y quien le acompaña.
(5) Alude al aparejo de pesca lanzado al mar en el sitio llamado *Sacido*.
(6) Mofa entre pescadores.

con licencia d'a máis *vella* (vieja)
tráyame lume a máis nova.

63. Fun ô *muíño* d'abaixo,
dei a volta o d'arriba;
o d'abaixo ten *ferrollo* (cerrojo)
o d'arriba *carabilla.* (clavija)

64. Iréi contigo ô *muíño*
faréi o que ti me mandes;
marcharme contigo non
que tèl-as pernas moi grandes.

65. N-o *muíño* donde *eu moyo* (yo muelo)
tamén moe unha señora,
bótalle grau, quiridiño,
bótalle grau que *non roa.* (1)

66. Non quero ser *muiñeiro*
nin barrer o *tribiñado* (2)
que dempóis n-o outro mundo
piden pol-o arroubado.

(1) No roa una piedra contra otra.
(2) Rebordado alrededor de la piedra del molino.

67. Qu'importa qu'o *muíño* ande
se grau non vexo n-a *moega* (1)
afireo, Manuel, afíreo (pícalo)
qu'a capa roe n-a pedra.

68. Vámos ô *muíño*, vámos,
miña cariña de rosa,
vámos ô muíño, vámos,
esta semana *é a nosa*. (2)

69. Casadiña de tres días,
velada de tres semanas:
dime ti, cando *peneiras*
¿dónde botas as *arganas?* (3)

70. Téñoch' tres *estriguiñas* (4)
héinas de *restrelar* (rastrillar)
o *restrelo* (5) está romo
héino d'ir á *apuntar*. (6)

(1) Tolva ó caja de madera que va despidiendo el grano.
(2) Equívoco malicioso fundado en el turno de semanas para moler entre los condueños de un molino.
(3) Aristas del trigo.
(4) Manojos de lino.
(5) Peine con muchas puas de acero para rastrillar el lino.
(6) Hacerle las puntas.

71. O pillo d'o *Sancristán*
ten a chaqueta rachada
que ll'a racharon as nenas
ô ir tocal-as campanas.

72. Home *xastre* no-no quero
que non me ten comenencia;
dorme moitas noites fora
e yeu non teño pacencia.

73. Máis quixera ser pereira
e dal-as peras maduras
que non ser (1) muller d'un xastre
que non ten senón figuras.

74. Máis quixera ser *pereira* (peral)
e dar peras n-o *Outono* (Otoño)
que non ser muller d'un *xastre*
morriña e cara de sono.

75. Máis quixera ser pereira
e todo o ano dar peras

(1) *Que non ser*, se usa á veces en equivalencia de *y no ser* ó *antes que ser.*

que non ser muller d'un *xastre*
que non ten sinón guedellas.

76. Para deprender á *xastre*
moito che m'hei de apricar:
e o tomal-as medidas
¡canto abraziño hei de dar!

77. Teño d'aprender á *xastre*
ben caro m'ha de custar
po-l-as medidas d'o corpo
¡abrazos que m'han de dar!

78. Teño d'aprender á *xastre*
e dende xastre á ladrón,
d'os remendos que furtare
hei de facer un calzón.

79. Todo-los *xastres* d'ahora
fan a roupa ô pintar
s'eu fora muller d'un xastre
¡guapa qu'había d'andar! (1)

(1) En gallego es frecuente confundir tiempos de dos modos diferentes de un mismo verbo, como sucede cuando se usa el pretérito imperfecto del indicativo en sustitución de la forma simple del pretérito perfecto de indicativo, ó viceversa.

80. Vintecinco *xastres* veñen,
vintecinco xastres van
co-as tixeiras abertas
para matar unha ran.

81. Un páxaro *adoecido* (desesperado)
chegóu â porta d'un *xastre*
pra que lle corte un vestido
d'o pelexo d'un tomate.

82. *Tabarneira*, míde o viño
e pon a medida dreita,
mira que tès que pasar
unha ponte moi estreita.

83. Á porta d'a *tecelana* (tejedora)
teño d'ir á descansar;

«Cando cheguéi â igresia xa *botaran* á bendición;» fun á outra e non *salira* ainda o cura. Este defecto se nota en el lenguaje de los hijos del país cuando se expresan en castellano. No es difícil oír: Yo *extendiera* (por yo había extendido) las órdenes, creyendo que el jefe las hallaría bien. En gallego se dice «eu xa ll'o avisara; pero non sei si lle chegóu o aviso;» en rigor debiera ser: «eu xa ll'o avisara, mais debéu non recibir o aviso.» En buen hora que se respete esta sustitución que el uso tiene introducido en el dialecto, pero debemos evitar que dentro de la lengua nacional se convierta en provincialismo.

porque me gusta o oir
as pancadas d'o tear. (los golpes)

84. Aquela *tecelaniña*
adormecéu n-o tear;
con licencia d'o seu pai
eu a irei á despertar.

85. Mala xesta barredeira
veña po-l-as *tecelanas*
porque rouban os *novelos* (ovillos)
e despóis piden *as marras*. (las faltas)

86. Mariquiña *tecedeira*,
namorada d'un galán,
ten o pe n-a prendedeira
e a lanzadeira n-a man.

87. Eu ben vin estar o cuco
en riba d'o meu *palleiro* (pajar)
co-a subela n-a man
aprendendo á *zapateiro*.

88. Nenas de San Pantayón: (1)
sete *xastres* fan un home;
sete *caldeireiros* non. (2)

89. Ahora que ven o tempo.
de botar o grau n-a eira, (3)
¡si vírades que par fai
o *xastre* co-a *costureira!*

90. *Costureira* no-n-a quero
e *tecelana* tampouco; (tejedora)
cando se deita n-a cama (4)
ergue un pè, (5) e baixa o outro.

91. *Costureira*, pan n-a criba;
tecelana, n-o *tear*; (telar)
zapateiro, o pote cheo;
xastre, *tixela* n-o lar. (sartén)

(1) *San Pantayón:* San Pantaleón das Viñas, Ayuntamiento de Paderne, partido judicial de Betanzos.
(2) En este terceto y otros semejantes es muy frecuente la repetición del primer verso.
(3) *O grau n-a eira:* el grano en la era de *majar* ó trillar. En algunas partes se dice *gran* en lugar de *grau*.
(4) *Cando se deita:* cuando se acuesta.
(5) *Ergue un pè:* alza un pié.

92. *Costureira* pan n-a criba (1)
tecelana, n-o tear; (2)
carpintéiro, mesa posta
canteiro, pote (3) n-o lar. (4)

93. S'a nosa Cruña está probe
no é por falta de diñeiro
que descubréus'unha mina
de *xastres* e *zapateiros*.

94. Teño un amor *peneireiro* (cedacero)
n-as cordas d'o corazón,
sete *xastres* fan un home
sete *penereiros* non.

95. Un *zapateiro* me quere
un *xastre* por min *non vela;* (5)

(1) *Pan n-a criba:* alude á la criba destinada en algunos puntos á conservar los utensilios de costura y retazos de tela, etc., que las costureras ambulantes acostumbran á tener mezclados con el pan. Este cantar es ligera variante del número 16, pág. 147 del primer tomo, y del núm. 22 de esta sección.
(2) *N-o tear:* tejedora, en el telar.
(3) *Pote:* olla de hierro de tres piés que ordinariamente sirve para hacer el caldo. A veces se aplica el nombre de pote á la comida que aquella clase de vasija encierra, y se dice: «*O pote xa está feito.*»
(4) *N-o lar:* en el hogar.
(5) No trabaja de noche.

mariñeiriño ha de ser
quen ha de salir con ela. (1)

Los números 2, 4, 12, 15, 21, 24, 25, 33, 35, 38, 42, 46, 66, 70, 74, 75, 78, 79, 82, 83, 88, 90, 91, 92 y 94 fueron obtenidos en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 3 en la Coruña y en Carral, del mismo partido. El 7, 16 y 26 en Abegondo, partido judicial de Betanzos, y en otros varios puntos de los de la Coruña y Puentedeume. El 13 en Ferrol. El 14, 33, 34, 64, 70 y 81 en Cerbo, provincia de Lugo. El 18 en Miodelo, partido judicial de Betanzos. El 19 en Ois, partido judicial de Betanzos. El 23, 40 y 73 en Aranga, partido judicial de Betanzos. El 27 y 28 en la Coruña, Elviña, Burgo y otros puntos del mismo partido judicial. El 36 en Palavea, partido judicial de la Coruña. El 36, 39 y 41 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Santiago y Puentedeume. El 49 y 53 en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 51 á 53 en la Coruña y en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 50 á 52, 60 y 61 en Vivero, provincia de Lugo. El 59 en Puentedeume. El 62, 65 y 68 en Abegondo y otros puntos del partido judicial de Betanzos. El 64 en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 72 y 76 en Cines y Abegondo, partido judicial de Betanzos. (2)

(1) Los últimos cantares de esta sección se refieren á más de un oficio; por lo cual figuran con alguna separación.

(2) Indicado queda que la repetición de algunos números obedece á la duplicidad de origen de algunos cantares.

PICARESCAS

1. Ábrem'a porta, Marica,
que che quero dar castañas;
—Eu a porta non ch'a abro
que ben sei as tuas mañas.

2. A curro naide me gana
nin a poñerm'a monteira;
pero, tocant'ô traballo
son de moi mala maneira.

3. Ai, viudiña, dame *creto* (1)
que ninguén (2) ch'o ha de saber
que n-a viña vendimiada
ninguén pode ir á escoller. (3)

(1) *Creto:* literalmente, crédito. Dáme *creto* equivale á házme caso, préstame atención.
(2) *Que ninguén ch'o:* que nadie (te) lo.
(3) *Escoller:* la operación de elegir la uva sana y madura.

4. A miña muller ¡caramba!
a miña muller *¡regodio!* (interjección)
a miña muller ¡caramba!
anda morrendo de sono.

5. Á noite, neniña, â noite
hei d'ir â misa d'o galo
e teu pai com'é velliño
levámolo d'a cabalo.

6. Anque me vexas ir sola
non veñas á acompañarme
que levo de compañía
â miña virxe d'o Carmen.

7. Á o caravel cando nace
chámanll'o caraveliño
tamén os fillos d'o crego
chámanll'o pai «señor tío».

8. A porta de miña sogra
miña sogra qu'ha de ser
hai un loureiriño verde
que fumea sin arder.

9. Aquela miniña
á quen Diol' a axude
iba en cas d'o crego
iba pol-o lume;
non levaba cacho
nin levaba nada,
¡nin levaba traza
de muller honrada!

10. Aquela vella d'o *deño* (diablo)
atentada d'o pecado,
metéu o dedo n-o pote
e chupouno de contado.

11. Aquí m'abrigo, que *chove*, (llueve)
que se me molla o capote;
dirásll' â miña rapaza
que non m'agarde esta noite.

12. Asubíasme de largo
cál si fora can perdido;
¡eu non che son can de lebres
qu'entenda por *asubíos!* (silbidos)

13. As *escrouchiñas* (1) d'o millo
non fan porveito á ninguén,
mandéi a muller á ela,
adormecéu e non ven.

14. As mulleres que son boas
Dios lles dé boa fertuna,
sarna con dolor de moas
e bos graŭs po-l-a cintura.

15. As tuas festas, Minguiño,
non teñen nada de boas,
porque cando ti m'as fas
todo o corpo m'*afervoas*. (2)

16. Cada vez que te vexo,
tranca d'a porta,
un ollo se endereita,
outro se entorta.

17. Cando chegóu D. Alfonso (3)
c'a sua comitiva

(1) Reunión para desgranarlo.
(2) Producir escalofrío ó sacudimiento molesto en todo el cuerpo.
(3) D. Alfonso XII.

n-o ferrocarril (1)
preguntóu ô noso Alcalde
s'había confianza (2)
n-a xente d'aquí
e él lle responde
¡asíií... así! (música especial)

18. —Cego, tomá esta limosna.
¿á qué me colles a man?
—Perdone, miña señora,
eu *coideille* qu'era pan. (pensé)

19. ¿Cómo queres que che dea
o que che non podo dar;
a cinta d'o meu sombreiro
anda n-o mar á nadar.

20. Chégate, galán, á ela,
chégate e dall'un abrazo;
s'eu estuvera onde ela
xa lle tiña (3) dado catro.

(1) Inauguración del de Palencia á la Coruña, en 1883.
(2) Alude al disgusto que á algunos causaba el proyecto de viaje á Alemania.
(3) *Xa lle tiña:* ya le tenía.

21. Chora meu pai que se mata,
porque non sei traballar;
agora xa vou sabendo
¡coller toxos pra pisar!

22. Despídete, *castiñeiro*, (castaño)
d'as *derradeiras* castañas, (últimas)
como me despido eu
de xogar co-as rapazas.

23. Dícenme que estou gordiña,
que non me fai o refaixo:
¡*condénase* toda a xente (se desespera)
por saber por qué non baixo!

24. Dícesme que xa non chove
por non me dar o paraguas;
¡o que tès medo, meniña,
que ch'o *esfargallen* as cabras! (despedacen)

25. Dios me dea á min pacencia
con esta miña muller;
mándolle facer a cama,
ela dime que non quer.

26. Dixécheme si era rica,
inda teño para min:
teño vintecinco cargas
n-o areal de *Chamín.* (1)

27. Esta noite hei d'ir aló,
déixam'o *fuxigo* aberto (postigo)
que si o atopo cerrado
c'o teu amor non ch'acerto.

28. *Estreliña* (2) d'o luceiro,
ti ben o has de saber:
¿cántas horas ten a noite
antes d'o amañecer?

29. Eu lle pidín á unha nena,
ela dixo que vería;
¡a remposta non foi mala
para volver outro día!

30. Eu perdino, eu *halleino*, (3)
miña nai tuven fertuna;

(1) Distrito de Arteijo, partido judicial de la Coruña.
(2) Se dice *estreliña* y *astreliña*.
(3) También se dice *hacheino* y con más frecuencia *topeino*.

perdino, entre a palla,
e, halleino, entre a pruma.

31. Eu pedinlle á unha nena,
era d'o Val de Viveiro,
respondéume a picarona
«casa conmigo primeiro.»

32. Eu pedinlle á unha nena
n-o arredor d'a *restreba;* (1)
eu pidinlle y ela doume
Noso Señor *ll'o arreceba.* (2)

33. Eu pidinlle á unha nena
n-o pasadoiro d'a eira,
ela dixo qu'era nova
para rexir a madeira.

34. Fun â fonte catar ágoa,
nunca tal ágoa nacera;
derom'unha puñalada
n-a miña cofia de seda.

(1) Terreno mondado de leñas menores y cuyos montones se queman para destinar la tierra á sembrar trigo.
(2) Se lo premie ó se lo reciba como mérito.

35. Fun unha noite ô muíño
¡ai! nunca alí eu chegara,
doum'un abrazo unha moza
fuxín por medo á unha *fada*. (maleficio)

36. Gloriosa *Santa Catuxa* (1)
que estás n-a alta montaña,
líbram'o meu quiridiño
d'o aire de certa araña.

37. Hai un baile en Esteiro (2)
que por cinco cartos
se baila hast'as dès
e dis qu'o da un zapateiro
qu'è coxo d'un brazo
e manco d'os pes. (3)

38. Heiche de contar un conto,
miña *carrapucheiriña* (4);
heiche de contar un conto
n-aquela corredoiriña.

(1) Santa Catalina.
(2) Contemporáneo.
(3) Se cantaba recientemente con igual música y á continuación del cantar número 17 de esta sección.
(4) Derivado de *cara-pulchra;* equivale á *queridísima prenda*.

39. Héicho de dar, quiridiña,
héicho de dar qu'o teño,
héicho de dar, quiridiña
o anillo d'o meu dedo.

40. Héicho de dar e dareicho
héicho de volver á dar,
héicho de dar e dareicho
de noite pol-o lunar.

41. Indo para Vilaboa
atravesando â *Sigrás*, (1)
ténte, rapaza, non cayas,
arrímat' á Nicolás.

42. Iréi contigo ô muíño,
faréi canto ti me mandes,
¡pero quedarme contigo
non, Rosiña, non te canses!

43. Maldito seas,
eres moi besta,
enténdem' hora:

(1) A Sigrás: *hacia* Sigrás.

está meu pai n-a cama
¡d'o demo! que chooora.
Tírame-d'o-cintín,
tírame-d'o-cintín,
tírame-d'o-xustillo
¡ai! rapaz d'as conchas,
eeeeres moi pillo
eeeeés.
O meu marido,
o meu marido
vai en Rivadeu,
deull'o vento en popa
logo volvééééu.
Si queres algo
sál ô camiño,
porque vou mañán
par'o muíño
eeeeéu.

44. ¡Mariquiña quita, quita!
dicen que quita pesares,
é tamén digo que quita
á todo o mundo os *ichaves*. (1)

(1) Quitar los ochavos: también se toma en equivalencia de sonsacar con maña.

45. Meu amor, si queres algo
chámame pol-a cociña;
qu'eu lle direi á meu pai
que me chama unha veciña.

46. Miña comadre Pelonia
e meu compadre Pascual
que *durmistes* (1) esta noite
debaixo d'o laranxal.

47. Miña nai, a ola ferve (2)
aquela nena non vèn;
¡n-o pasadoiro d'a horta
algún galán a detèn.

48. Miña nai, cáse á Farruco,
bóteo d'a casa fora,
ten os ollos *churrasqueiros* (3)
todal-as nenas nemora.

49. Miña nai e mais meu pai
os dous xuntos van â feira;

(1) Se dice *durmistes* y *durmíchedes*.
(2) Casi igual á otra del tomo I.
(3) Generalmente se dice *charrusqueiros* ó enamoradores.

miña nai vende á meu pai
e non topa que-n-o queira.

50. Moito miras para min,
moito me *chiscas* (1) os ollos, (guiñas)
teño moito que facer,
non podo atender á todo.

51. Montañeses d'a montaña,
criados n-a agua choca (2)
¡si queredes boas nenas
tèdes (3) que baixar a costa! (tenéis)

52. N'a porta de *Canido* (4)
me pisache-lo pè,
me chuscache d'ollo (5)
xa che sei o que è.

53. N'a miña vida tal vin
un home tan apenado:
si te deixou unha moza
¡parbo! busca tres ou catro.

(1) Se dice *chiscas*, *choscas* y *chuscas*.
(2) *Choca:* añeja ó podrida.
(3) Se dice *tèdes* y *tèndes*.
(4) En el Ferrol.
(5) *Chuscache d'ollo:* guiñaste el ojo.

54. Nena que estás n-a ventana
dám' a man pára subir;
como che son vergonzoso
pó-la porta non hei d'ir.

55. N'o altar hai foliada:
e n-o rio hai oraciós;
n-o mar andan as formigas
revoltas c'os abellós.

56. Non quero eu armar ô *merlo* (1) (mirlo)
n-o sitio en qu'outros armaron;
¡chámanlle tempo perdido!
¡chámanlle corpo gastado!

57. Non t'agaches, non t'agaches,
rapás detrás d'a silveira;
non t'agaches, non t' agaches
ben che se ve a monteira.

58. Non te veñas po-l-a eira
que t'ha de morder ó can;

(1) Se dice *merlo* y *melro:* la frase está en sentido figurado.

si pol-o curral te volves
heiche de tocar larán.

59. Non me case, miña nai,
que m'hei de quedar así;
para min no-ha de faltar
¡hoxe aquí, mañán alí!

60. O *bandallo* (1) d'o meu home
vai n-a feira d'as mulleres,
se m'o vedes por aló
cargádemo de culleres.

61. O can, o can,
o demo d'o can,
roeull'as cirolas
ô meu cirolán;
e si ll'as royeu
déixarllas roer
que outras noviñas
lle han de facer. (2)

(1) Andrajo, trapo viejo ó persona despreciable.
(2) Este cantar es contemporáneo.

62. O crego cando vai fora
leva á Marica n-a mula,
n-a primeira *carballeira* (robledal)
parécell'a albarda dura.

63. O crego d'a miña aldea
dorme co a ama ô lado
por si lle da un dolor
que lle acoda de contado.

64. O crego e mail-a criada
ordearon (1) una festa;
peneiraron (2) a fariña
ô abrigo d'unha *xesta!* (retama)

65. O crego está *magoado* (lastimado)
que ll'hincharon as orellas,
ahora saberás, crego,
de qué mal morren as nenas.

66. O crego foi ô muíño
metéu a cabeza *dentro* (3)

(1) *Ordearon:* ordenaron ó proyectaron.
(2) *Peneiraron*, cernieron; de *peneira*, cedazo.
(3) Se dice *dentro* y *drento*.

sacóu fariña n-a *croa* (corona)
para face-l-o formento.

67. O'creguiño d'esta aldea
regalálo qu'é meu tío;
meterll'un pau por un ollo
sacarll'o por un oído.

68. O cura de turres, burres
é capitán d'os galápagos,
mandóu facer una *estrépeda* (trepia)
para cazar os paxáros.

69. O cura de *Valcarría* (1)
ten doce nenas ¿faladas?
tres *Marías*, (2) tres Antonas,
tres Anas, tres Xulianas.

70. O meu cabaliño, nenas,
váivos n-a feira d'a aresta

(1) Ayuntamiento de Neira de Jusá, partido de Becerreá, provincia de Lugo.
(2) En lugar de *Marías* se dice generalmente *Maricas* en gallego.

si m'o vedes (1) por aló
ten unha estrela n-a testa.

71. Olvidar moza solteira
por tomar muller casada,
é dar a palla por grau
e trocar o grau por palla.

72. O meu cabaliño, nenas,
vai n-a feira d'as mulleres
se m'o vedes por aló
cargádemo de culleres. (2)

73. Os amores d'a muller
sonche (3) como os d'a galiña,
en faltándolles o galo
á calquer polo s'arrima.

74. Os diputados rurales
que teñen asiento
n-a Diputación

(1) *Si m'o vedes*, literalmente significa *si me lo veis*. Este presente de indicativo debe traducirse por el pretérito imperfecto de subjuntivo.
(2) *Cargádemo de culleres:* cargádmelo de cucharas.
(3) Es muy común en gallego presentar la persona de verbo con la sílaba *che* enclítica.

son muñecos de madeira
d'os qu'hay n-a *Tieira* (1)
con frá e pantalón;
basta deeeee
conveeeer—sación. (2)

75. ¡Para qué a quero eu
unha viña vendimiada!
¡para qué a quero eu
